

Código do documento	Código do expediente
USC17I0098	UPO/2022/20
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1K2N 5E05 5Q1F 506Z 183U	

ASR

CRITERIOS ESTABLECIDOS POLO TRIBUNAL PARA A VALORACIÓN DO 4º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO DE 4 PRAZAS DE POLICÍA LOCAL (ACCESO LIBRE) (PROBAS PSICOTÉNICAS)

1- FIXACIÓN OBXETIVOS AVALIACIÓN

Tal e como se detalla na convocatoria, as **probas psicotécnicas** “Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais das persoas aspirantes e a súa adecuación as funcións policiais que deberán desempeñar e comprobarase ás que presentan un perfil psicolóxico axeitado.

Serán efectuadas e valoradas por persoal especialista que formulará a correspondente proposta fundamentada ó Tribunal e cualificaranse como apto/a ou non apto/a. Para superalas será necesario obter o resultado de apto/a no conxunto das probas realizadas

2- PERFIL A AVALIAR (CRITERIOS E DIMENSIÓNS)

Seguindo o detalle establecido na convocatoria

a) Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou algúns dos seguintes factores: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

b) Probas de personalidade.

As probas orientaranse á avaliación dos trazos de personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social das persoas aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou de personalidade. Entre outros, exploraranse os seguintes aspectos: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación ás normas, capacidade de afrontar o estrés e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas dúas probas anteriores serán contrastados mediante unha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario formulado verbalmente coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico das persoas aspirantes.

Á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse ademais os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou doutros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

1 de 3

3.- CRITERIOS

Establécense os seguintes criterios:

a) Probas Aptitudinais. Medición de:

- Intelixencia xeral
- Fluidez Verbal/Comprensión de ordes
- Razoamento cognitivo
- Atención e resistencia a fatiga

Superación da proba:

Superar sempre Intelixencia Xeral e ademais 2 dos outros tres factores, para o que se establece como nivel mínimo a PUNTUACIÓN CENTIL 40.

b) Probas Personalidade.

Test:

- a. **Controis Previos: considerarase como NON_APTO o suxeito que obteña unha puntuación en SINCERIDADE inferior a 30; e/ou unha puntuación superior a 75 en DESEABILIDADE SOCIAL.**
- b. Escalas: mídense 8 factores (Estabilidade Emocional, Autoconfianza, Empatía, Habilidades Interpersoais, Control Impulsividade, Afrontamento da tensión, Axuste persoal e Social, Adaptación a Normas. **Considerarase como NON_APTO o suxeito que obteña unha puntuación inferior a 30 en mais de dous dos 8 factores sinalados**

4-TIPOS DE PROBAS E BAREMOS A EMPREGAR

As probas aptitudinais consistirán na aplicación dunha batería de Aptitudes de recoñecido prestixio e valor técnico. Para a superación de cada un dos factores sinalados, o suxeito terá que alcanzar **unha puntuación centil de 40**, alo menos no factor de Intelixencia Xeneral e en outros 2 máis.

As probas de actitude (personalidade) mediranse a través dun test que nas súas normas de interpretación e corrección establece dous elementos básicos:

Puntuacións "S" (puntuacións típicas). A maioría da poboación (un 68%) atópase entre os valores 30 e 70, polo que se debe prestar atención a aqueles valores que superen estes límites para o seu contraste na proba verbal.

Para ser considerado APTO, os candidatos deberán ter valores "S" iguais ou superiores a 30, en al menos seis dos oito factores preferentes medidos.

Código do documento	Código do expediente
USC1710098	UPO/2022/20
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1K2N 5E05 5Q1F 506Z 183U	

Adicionalmente, merecen especial atención as escalas de Sinceridade e Desexabilidade Social:

A Sinceridade refírese a expresión libre de finximento, veraz, sinxela e sincera. Considerase que os suxeitos que obteñan en Sinceridade unha puntuación S por debaixo de 30 deben ser cualificados de NON-APTOS.

A Desexabilidade Social fai referencia a sobrevaloración que fai o suxeito de si mesmo e a súa preocupación por dar unha boa impresión. Considerase que os suxeitos que obteñan unha puntuación S en Desexabilidade Social por encima de 75 deben ser cualificados de NON APTOS

Polo que se refire a especificación nas bases da entrevista: <<Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente>>.

Para isto levaranse a cabo Entrevistas Condutuais Estructuradas (ECE) na que se explorarán os aspectos relacionados e ponderados nas. A ECE ten as seguintes características, entre outras,:

-Mantén un alto grado de validez predictiva en relación con outros tipos de entrevista.

-**As preguntas que se van a realizar na entrevista implican unha resposta concreta**, e dicir, evítase información non relevante, e o que se buscan son datos eficaces cos que predicir a posible conduta do candidato no que sería o posto de traballo a cubrir.

-**Teñen como requisito que se deben realizar as mesmas preguntas a todos os candidatos**, aínda que se utiliza un abanico de formulacións diferentes para explorar a competencia de que se trate.

-**Na avaliación da entrevista recórrase as escalas de valoración con anclaxes condutuais**, que consiste na distinción nunha escala das condutas esperadas por unha persoa nun nivel de execución.

5- PLANIFICACIÓN E REALIZACIÓN DAS SESIÓNS DE AVALIACIÓN

Probas Psicométricas. Venres 17 de marzo.

Entrevistas individuais: Días 20 y 21 de marzo

Culleredo a data da sinatura dixital

O secretario do Tribunal
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H